



Algúns impresores (e libbreiros) nas terras da Estrada

Damián Porto Rico
damian.portorico@hotmail.com

Resumo. Nas vindeiras páxinas faremos un breve percorrido pola historia da imprenta e dos impresores (e libbreiros) composteláns máis destacados entre os séculos XVII e XIX e os seus vencellos cas parroquias que compoñen a actual Estrada: os apelidos Fraíz, Aguayo, Aldemunde, Campaña... tiveron fondas relacións ca nosa comarca: se as augas dos ríos estradenses forneceron de papel ás imprentas de Santiago, non é menos certo que as terras acubillaron con agarimo aos seus tipógrafos máis senlleiros.

Abstract. In the next pages we will make a brief tour of the history of printing and the most distinguished printers (and booksellers) from Santiago de Compostela between the 17th and 19th centuries and their bonds with the current parishes of A Estrada. Surnames as Fraíz, Aguayo, Aldemude or Campaña had deeply relationships with our region. If the river waters from A Estrada supplied paper to the printings of Santiago, it is also true that these lands sheltered affectionately the most singular typographers.

Moito se leva xa escrito sobre a historia da imprenta e dos impresores en Galicia: abonda botar un ollo á bibliografía que remata estas páxinas para facerse unha idea –cuantitativa e cualitativa– dos traballos sobre esta temática.

Aínda sobrando as palabras previas sobre tan manido asunto, cómpre citar que semella que a herdanza de Gutenberg chegou á Península Ibérica primeiro por Valencia, no 1474; como non, para loubar á Virxe en lingua valenciana: *Les trobes en lahors de la Verge Maria*.

E sábese que en Galicia houbo imprentas desde ese mesmo século XV, tamén con producións de carácter litúrxico, pois no 1483 estaban en Compostela dous impresores: o burgalés Xoán de Bobadilla e Álvaro de Castro negociaban daquela a impresión de certo número de breviarios; tal se desprende das actas do cabido catedralicio (acta do cabido de 17 de xuño de 1483). Eran “*maestros de faser breviarios e escripturas de moldes*”¹. Non semellan terse conservado exemplares deste primeiro *Breviarium Compostellanum*.

1 López Ferreiro, A., *Galicia en el último tercio del siglo XV*, A Coruña, 1896, páx. 220 e ss.; Pérez Constanti, P., *Notas viejas galicianas*, ed. de Santiago de 1993, p. 197 e ss.

Logo viñeron Gonzalo Rodrigo de la Pasera “*natione astur*” e Xoán de Porras, que en Monterrei disputaron (co denominado *Missale Auriense*) a Compostela a honra de ser a primeira poboación en coñecer a imprenta no noso país.

Xa decía o benemérito Fermín Bouza Brei que os impresores merecían formar parte da nosa cultura á mesma altura que outros creadores do acervo galego coma escritores, retablistas e arquitectos que fixeron posible o noso barroco, por exemplo. E o certo é que as que demos en chamar “nacións” nos últimos catro séculos non precederon –nin poideron facelo– ao advenimento da tecnoloxía do artesan de Maguncia. Foi a imprenta a que orixinou os nacionalismos capacitando aos homes por vez primeira para visualizar as súas linguas vernáculos e as fronteiras lingüísticas, orixinou o sistema de prezos e mercados (até que o prezo é uniforme e repetible está suxeito a axustes e regateos), fixo que Europa experimentase a súa primeira fase de consumo, deteriorou a nosa memoria até cotas ínfimas (xa non precisamos recordar cousas como teñen que facer outras culturas que non posúen libros), xenerou e posibilitou a prensa moderna, a disidencia, a publicidade... ningún outro logro que a imprenta marca mellor a liña separadora entre as tecnoloxías medieval e moderna: foi o libro o que fixo que a arquitectura do XVIII semellase concebida por unha soa mentalidade².

Reparemos nalgunhas características e fitos da literatura impresa en Galicia destes artesáns aos que deseguido nos referiremos:

A produción de carácter eclesiástico sobresa das demais, quedando claro que a Igrexa (e os seus “órganos educativos” no chamado Antigo Réxime: as universidades³ e os colexios) foi o principal cliente da imprenta galega desde os seus primeiros pasos. Mercé a ela espalláronse as decisións tomadas en Trento e a normativa relixiosa que rexía a vida –e a morte– dos nosos devanceiros, así como as disputas, controversias e tensións intestinas. E veremos que moitos dos

2 McLuhan, Marshall. *La Galaxia Gutenberg. Génesis del Homo typographicus*. Madrid, 1972.

3 *Reglamento formado por la Real Universidad de Santiago para la mejor dirección y formalidad de sus actos mayores que según previenen las Reales Ordenanzas de S. M. deben presidir [...]*, en Compostela por Ignacio Aguayo, 1798.

impresores estiveron estreitamente vencellados á Igrexa Católica e mesmo recibiron ordes sacras.

Velaí temos discursos, pastorais, constitucións sinodais e sermóns de arcebispos⁴ e outras reproducións de cerimoniais públicas –que se politizaban a medida que o Antigo Réxime entraba en descomposición– mediante as que se sostíña –e impoñía– un sistema político característico: oracións fúnebres, rogativas, festas de proclamación de monarcas⁵...; promovíanse novas formas de sociabilidade⁶ e de mentalidade⁷ (empregando, por exemplo, confrarías e congregacións relixiosas), e as inquedanzas dos máis sobresaíntes ilustrados galegos combinadas cos tipos móbiles impresos fixeron que viran a luz obras “clásicas” que foron alicerce dos posteriores movementos nacionalistas galegos e incidiron na transición ao liberalismo decimonónico: o pai Feixó, Somoza de Monsoriu⁸, Bedoya e Paredes⁹, Lucas Labrada, Herbella de Puga¹⁰, Cornide, Cernadas e Castro... a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago¹¹, a de Lugo... e outras tantas persoas e institucións que cas súas accións promoveron a xeneralización da cultura e da educación formal¹².

4 *Sermón de la dominica primera de quaresma predicado por don Alejandro de Bocanegra [...], Sermon que el Ilustrísimo Señora Don Fr. Sebastián Malvar i Pinto Arzobispo de Santiago dijo en la misma [...] Iglesia el miércoles de ceniza 21 de febrero de 1787, Declamación oportuna contra el libertinaje de el tiempo, que en forma de carta pastoral dirigió a su rebaño el Illmo. Señor D. Francisco Alexandro Bocanegra, Sermón de la Purísima Concepción de Nuestra Señora, Patrona de las Españas...* todos en Santiago de Compostela, por Aguayo.

5 De Villarroel Pérez de Baños, J. *Oración fúnebre que en las solemnes exequias que celebró la Familia por su difunto Amo [...] D. Felipe Antonio Fernández de Vallejo, Arzobispo y Señor de Santiago*, de 1801.

6 De Bernardo de Lago, por exemplo, o *Monitorio en verso a los solteros para la elección de consorte*, en Compostela por Ignacio Aguayo, c. 1787.

7 *Constituciones con que se ha de regir, i gobernar la devota Cofradía de Nuestra Señora del Rosario, de la Ciudad de Santiago por sus Cofrades de Número*, id.

8 Somoza de Monsoriu, Francisco. *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia [...]*, en Compostela por Ignacio Aguayo, 1775.

9 Gómez de Bedoya y Paredes, Pedro. *Historia universal de las fuentes minerales de España*, en Compostela por Ignacio Aguayo, 1764-1765.

10 *Derecho práctico i estilos de la Real Audiencia de Galicia*, por Ignacio Aguayo en Compostela, 1768.

11 *Real Cédula de S. M. [...] en que se aprueban los estatutos de la Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, en Compostela por Ignacio Aguayo, 1787.

12 Podemos chegar mesmo a citar a *Arte de relojes de ruedas para torre, sala y faltriquera [...] iluminada con trece estampas finas [...] acompañado de instrucciones fáciles, para que todos los ingeniosos puedan ser perfectos Reloxeros sin tener Maestro*, de Manuel Río con magníficas ilustracións de Xacobe Piedra, por Ignacio Aguayo en Compostela, 1759.



Prensa de lagar ás beiras do Ulla.

Mais o que de seguro moitos lectores ignoren é que varias freguesías do actual concello da Estrada foron berce, fogar, acubillo e mesmo lugares de investimento dos máis sobranceiros impresores galegos. Sen dúbida a proximidade a Compostela –centro principal do movemento tipográfico galego– fixo da nosa comarca un “hinterland” axeitado ás necesidades e anxeios destes próceres do coñecemento moderno.

Cómpre tamén ter presente que a obtención de papel era custosa e dependente do exterior, traéndose de Italia, Francia e Portugal, polo que desde comezos do XVIII se intentou corrixir institucionalmente esta deficiencia; e en 1714 a Coroa Española concedeu ao xenovés aveciñado en Santiago Bertomeu Piombino licenza para que establecese unha fábrica ou muíño de papel. Nesta liña en 1734, don André de Silva, un fidalgo rural de San Xiao de Arnois, abriu outra –a de San Martiño de Riobó– precedente da que estivo ubicada en Santa María de Loimil ás beiras do Riomao.

Así temos que Loimil e Riobó, pola súa hidrografía e situación privilexiada, foron centros papeleiros próximos á cidade de Santiago. Cidade que, como arriba suliñamos, exerceu o monopolio impresor en Galicia até o século XIX: foi a única cidade galega que pola súa poboación, estrutura socioeconómica e presenza das insti-



Ruínas da fábrica de papel de Loimil.

tucións eclesiásticas e académicas —a universidade, sobre todo—, puido dar traballo a máis dun impresor ao mesmo tempo nos séculos XVII e XVIII.

Decatémonos, asemade, que as prensas de lagar e os enxeños para tecidos (abondosas ambas na Ulla polas súas vocacións vitivinícola e téxtil de novo orientadas cara a Compostela) posuían xa as características requiridas polas prensas de imprimir.

Se hai quen considere aventurada esta última vinculación, poderíamos lembrar que o impresor Luís de Paz (fillo á súa vez do tamén impresor Agustín de Paz, que morreu no cárcere no 1558) exerceu como libreiro e mercador de panos e viños ao mesmo tempo.

Entrando xa na materia que nos atinxe, e seguindo a Barreiro Fernández¹³, podemos afirmar que entre a segunda metade do século XVII e a primeira do XIX se mantivo unha saga de impresores na que se mesturaron e sucederon os apelidos Fraíz, Aldemunde, Aguayo e

13 Barreiro Fernández, X. R. *Impresores galegos: Ignacio Aguayo y Aldemunde (1754-1819)*. En *Grial*, T. 21, nº 82 (1983), pp. 410-422

Campaña. E practicamente todos eles tiveron relacións intensas cas zonas de Tabeirós, Montes e Veá que pasaremos a repasar en breve.

Os Fraíz parecen proceder das terras de Tabeirós-Montes, nas que ese apelido sobrevive aínda a día de hoxe. E malia que do libreiro Antón Fraíz Piñeiro (1673-1697) Murguía dubidaba entre atribuír-lle nacionalidade galega ou lusa, afirmaba Uxío Carré Aldao que era natural dun lugar da Ulla. Tivo o seu obradoiro na compostelá rúa de Callobre, onde se estableceu en 1673 (o nacemento do seu fillo e despois sucesor en abril de 1672 na parroquia de San Fiz de Solovio confirma que estaba antes desa data xa alí).

Este seu fillo tido con Petronila López de Gondar, de nome Bieito Antón, puxo encargados ao coidado do taller tipográfico: acaso debido a que optou por seguir estudos eclesiásticos e recibira ordes sacras. En 1701, xa subdiácono, obtivo a capelanía de Santa Margarida na parroquia estradense de Santiago de Tabeirós¹⁴. Chegou a membro do claustro da Universidade de Santiago e foi Capelán Maior do Hospital Real desa cidade, sendo asemade familiar do Santo Oficio da Inquisición e Provisor e Vicario Xeral do Arcebispado. Herdou a imprenta do seu pai Antón Fraíz Piñeiro e puxo de rexente a Antón Aldemunde –entre 1702 e 1704– que se estableceu pouco despois pola súa conta e que nos conducirá máis adiante a falar doutra das familias de impresores compostelás relacionadas cas actuais parroquias estradenses.

Poden enviuvaren o libreiro Antón Fraíz e voltase a casar con Bernarda de Castro: deles aparece en 1684 o bautismo doutro fillo de nome Bernardo Antón Fraíz Castro, que chegou a sacerdote en 1717.

Posiblemente parente deles e da parroquia de Santa Mariña de Rivela era o crego de menores Brais Fraíz Vázquez, que pretendía ordearse até de presbítero a título do seu patrimonio en 1697¹⁵, con dispensa papal. Os bens que posuía eran unha casa no lugar de Entrecastro ca súa aira e horta de máis de 40 ferrados de centeo de sembradura, labradío, prados... e o muíño chamado do Loureiro... .

14 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Sagradas Ordes 578/1.

15 Ib. 572/1.

André Fraíz (que impimiu entre os anos 1719-1759), irmán do doutor don Bieito Antón Fraíz e xenro do tamén impresor Antón Pedache, traballou para a catedral nos seus encargos habituais; para confrarías e para o Hospital Real e ostentou o título de impresor da Santa Inquisición, do que se gabaron sempre todos os da familia.

Pedro André Antón Fraíz Pedache (1715-1768) figura como Pedro André Antón Francisco na súa partida bautismal de 13 de maio de 1715¹⁶, na que se contempla como fillo do devandito André Fraíz e de Caetana Antía Pedache (bautizada en Santa María da Corticela en 1695, filla do impresor de orixe romana Antón Pedache¹⁷ e da luguessa Helena Martínez). Foi impresor da fábrica catedralicia e constátase o seu traballo para o concello compostelán e para confrarías relixiosas de Santiago, Mondoñedo, A Coruña e Betanzos... Parece que proseguíu o costume familiar de seguir estudos eclesiásticos (o seu irmán Xoán Antón Bieito Marcelo, nacido en 1717, tamén recibiu cando menos a prima tonsura) e foille adxudicada a capelanía de Nosa Señora das Neves en San Vicenzo de Arantón.

Outra saga compostelán de impresores foi a dos Aguayo, que se orixinou en Antón Aldemunde cando este iniciou a súa andaina como oficial na imprenta de Bieito Antón Fraíz no 1702. Murguía refire que dos seus trebellos saíron a maioría das obras compostelás entre 1705 e 1726.

Ventura Aguayo parece que naceu nunha vila preto de Madrid ou Guadalaxara en 1696, sen que poidamos precisar a data da súa chegada a Galicia. Casou o 29 de marzo de 1728 con dona Antía de Aldemunde e Fraga, filla do impresor don Antón de Aldemunde e de dona Antía de Fraga (veciña dalgunha parroquia do actual concello da Estrada), indo vivir á rúa de Callobre –hoxe rúa das Orfas– na que xa vimos que estaban os obradoiros dos impresores composteláns e onde exerceu a arte tipográfica até 1759. Da súa produción sobresaen as Constitucións Sinodais do arcebispo Xil Taboada en 1747.

16 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo parroquial de Santa María da Corticela. Rexistros de actas de bautismos.

17 Pedache é castelanización do italiano Pedachia ou Pedaccia. Fermín Bouza Brei aporta abondosos datos da xenealoxía desta familia (Vid. Bibliografía).

Mais foi o seu fillo Ignacio Antón Aguayo Aldemunde, nacido o 11 de maio de 1730 en San Fiz de Solovio de Santiago e falecido en 1819, quen herdou a clientela paterna e acadou o cumio da impresión galega dos seus tempos: no 1751 recibiu a prima tonsura e a tal efecto expresa o seguinte:

“Don Ignacio Aguayo theologo cursante en esta Universidad, Bachiller en artes vecino de esta Ciudad, y de la Parroquia de Santa María de Salomé, hixo lexítimo de Don Bentura Aguayo y de D^a Antonia de Aldemunde con la mayor veneración y respeto dice a V. Srías haber sido siempre su intención ascender al estado sacerdotal, y oponerse a curatos y otras rentas eclesiásticas a las que no puede por no estar habilitado; por lo que rendidamente [...]. Suplica a V. Srías se sirvan despacharle para prima tonsura y grados [...]”¹⁸.

E acompaña no mesmo expediente de ordenación as declaracións de varias testemuñas sobre a súa idoneidade e limpeza de sangue:

“así éste como sus padres y más ascendientes son y han sido cristianos viejos limpios de toda mala raza de judíos, moros, gafos y nuevamente convertidos, sin que de ellos ninguno haya sido penitenciado por el Santo Oficio ni juzgados por otro tribunal por delito y con castigo que indujese infamia ni menos usaron oficios viles en la república”

Foi impresor da catedral, do cabido, de diversas confrarías e dos arcebispos Raxoi e Bocanegra. Logo de 1764 fai figurar nos seus traballos o apelativo de “impresor de la Intendencia y Reales Rentas”. En 1786 fai constar a súa condición de socio de mérito da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e dende 1787 da de Lugo, encargándose de imprimir os estudos da primeira. En 1791 foi procurador ou deputado do común no concello e desde 1800 ostentou o título de “impresor de la Real Universidad de Santiago”. Aguayo culminou a súa longa existencia profesional imprimindo dende 1813 a *Estafeta de Santiago*, xornal absolutista, e mantivo a súa actividade e o seu prestixio técnico até a súa morte en 1819, dentro dunha liña de produción de textos pro-absolutistas e ultraconservadores¹⁹.

E a pesares dos seus coqueteos ca relixión católica e dos seus anceios por chegar a ser un dos seus ministros, casou (xa de segun-

18 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Sagradas Ordes 796/61.

19 Portela Silva, E. (Coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 2003. Páxs. 365 e ss.

das nupcias) en 1764 con María Francisca Nieves Arén e debeu ter trece fillos, residindo habitualmente en San Xoán de Santeles²⁰.

Esta dona María Francisca Nieves Arén era filla do mordomo do Hospital Real don Domingo Antón de Nieves (e logo administrador das Rendas de Tabacos do partido de Tabeirós) e de dona Xeroma Arén e Lousada e tiña outras tres irmáns: María Xosefa (casada con don Xosé Cadavid, natural de San Xoán de Cerdedo mais residente en San Paio de Figueroa), Francisca Antía e Susana (casada o 29 de marzo de 1766 con don André Marcelino Gómez de Castro, de Santiago de Tabeirós); e un irmán crego: Gonzalo Antón Nieves.

O 24 de decembro de 1731 naceu unha das irmáns de Ignacio Antón: Antía Francisca Xabiera Aguayo Aldemunde, que foi bautizada por don Xoán de Montes, reitor de San Martiño de Riobó e amigo da familia; e exercendo de padriño os seus tíos don Antón da Fraga (reitor de San Miguel de Moreira) e dona Clara Aldemunde²¹.

Na comarca de Tabeirós Aguayo tentou crear un couto rendístico: mercou un muíño en Santa María de Aguións²² e terras procedentes dos xesuítas na parroquia de San Xoán de Santeles; mercou ao Estado a granxa de Eicián ou Ensán e colleu o arrendo do ramo da sisa na mesma parroquia²³. Tamén herdara terras do seu sogro²⁴.

Os Aguayo pertencían a un sector que se caracterizaba por ter asegurados os seus ingresos e elevado nivel de vida non por medio de rendas fixas como a fidalguía, o clero ou a nobreza. Nin de ingresos derivados de ganancias comerciais ou industriais como a incipiente burguesía. Senón por desenvolver un traballo artesán ben remunerado que lle permitía realizar investimentos á procura doutras ren-

20 Barreiro Fernández, X. R., *Impresores galegos: Ignacio Aguayo Aldemunde (1754-1819)*. En *Grial*, 82 (1983), pp. 410-422

21 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo parroquial de Santa María de Sar. Rexistros de actas de bautismos.

22 Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos, Florencio Barcia, nº 6960, 23-II-1789.

23 Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos, Pedro Antonio Busto, nº 7230, 16-VI-1796; Protocolos, Vázquez Vaamonde, nº 6629, 15-III-1797.

24 Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos, Sisai de Andrade, nº 8114, 12-II-1796).

das: no 1758, nun reparto de bens ca súa irmán María Xosefa figuran varias pezas de ourivería con diamantes, rubíes e esmeraldas²⁵.

E cando un varón da súa prole, Xosé Domingo Ignacio Aguayo, seguíu a carreira eclesiástica fíxolle patrimonio²⁶ con bens suficientes para que tivese congrua que asegurase a súa mantenza con decencia no caso de que non acadase unha capelanía nin outro beneficio eclesiástico (algo que era máis doado para a fidalguía e a nobreza).

É interesante a transcripción desa escritura na que se asegura o porvir do fillo e se revelan parte dos bens da familia nas terras estradenses:

“Congrua de 60 ducados en dinero efectivo y su seguro 1º

Primeramente para la paga de dichos sesenta ducados señala los réditos y proventos de la Oficina de Imprenta propia de su padre D. Ignacio Aguayo, y mejorada en la mayor parte durante el matrimonio de éste con su mujer D^a María Francisca Nieves, para cuyo fin y a efecto del seguro de dichos sesenta ducados le donaron la propiedad de dicha Oficina como consta de la escritura [...] y caben dichos sesenta ducados en el 3º y 5º de dichos réditos aun en el caso de un mero y puro arriendo de la Oficina, pues en la actualidad reditúa anualmente por un quinquenio dos mil ducados libres.

Seguro 2º

Hipoteca para mayor seguro de los expresados sesenta ducados la casa de su habitación sita en la calle de las Huertas, que por su gran buque, piezas de que se compone y huerta que la acompaña vale 150 ducados de renta anuales [...]

Seguro 3º

Hipoteca para más seguro, y a falta de los dos antecedentes, la casa, palomar y granja de Eccían que fue de los Regulares expulsos de Pontevedra sita en la feligresía de San Juan de Santeles, sembradura 186 ferrados, toda en una sola pieza murada y circundada de sobre sí, en la actualidad bien perfectada y su producto en el todo, rebajados 316 reales de pensión, se debe computar a lo menos en 200 ferrados de maíz que a 8 reales suman 1600 reales vellón.

Hipoteca además otros varios bienes raíces que en la misma feligresía y la de San Pedro de Toedo tienen dichos sus padres”.

Os 316 reais eran a paga dun censo redimible ás temporalidades xesuíticas da vila de Pontevedra, pois a propiedade de Ecián en Santeles pertencera desde antigo aos xesuítas, na que estes tiñan casa e oratorio que logo da exlaustración pasou ao Estado, á familia

25 Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos, Andrés Benito Cordero, nº 5068, 15-IX-1758.


26 Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos, Sisai de Andrade, nº 8113, 25-II-1795; e tamén Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Patrimonios, 41/16.

Aguayo e ao escribán don Xosé Fermín Campaña (entronque do que falaremos deseguido).

Esto fora así en concreto desde que a finais do século XVII don Melchor Mosquera Pimentel (como dono da fortaleza e torre de Guimarei ao que pertencía a presentación do beneficio curado) lle cedera ao colexio de xesuítas da vila de Pontevedra os froitos e dereitos da parroquia²⁷.

Rematou sendo cura de San Lourenzo de Ouzande antes do nacemento da Estrada como vila: entre 1797 e 1828 cando menos, pois desde a primeira das datas aparece citado entre os irmáns –case todos presbíteros e fidalgos como a marquesa viúva de Santa Cruz– ausentes e acomodados que enviaban escolas ao Oratorio de San Felipe Neri sito na capela de Exercitantes de Compostela²⁸.

Outra filla do matrimonio Aguayo, María Rita, casou o 28 de decembro de 1795 con don Xosé Fermín Campaña, “*de familia originaria de San Andrés de Vea*”, fillo de Lourenzo Campaña e Xoana Trasmonte. Este xenro sucedería na imprenta a Aguayo Aldemunde,




Portada da Arte de Reloxes, de 1759. Por Ignacio Aguayo.

27 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral 1278: “Concordia. Entre Dn Melchor Mosquera Villar Pimentel y Sotomayor Cavallero del Abito de Santiago dueño de la Torre de Guimarey, y su mujer d^a Mar^a de Sn Victores Carrillo de Mendoza, dn Antonio Micael Mosquera Pimentel y Sn Victores, hijo legitimo de los dos, y el P[adr]e Ant^o Guindos Rector del Colegio de los Jesuitas de Pontevedra con Licencia del P[adr]e Provincial por donde ceden a dicho Colegio, los Curatos de Sn Teles y Lagartons por los mil ducados de fundación hecha de dicho Colegio por don Antonio Mosquera Pimentel, y d^a Maria Pimentel y Sotomayor su mujer [...]”.

É paradoxal que Ignacio Aguayo imprimise no 1767 a “Pragmática sanción de su Magestad en fuerza de ley para el extrañamiento de estos Reynos a los Regulares de la Compañía, ocupacion de sus Temporalidades, i prohibicion de su restablecimiento en tiempo alguno [...]”.

28 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo parroquial de Santa María Salomé de Santiago de Compostela. Libro de cabidos do Oratorio de San Felipe Neri. Acta do cabido de 2 de xuño de 1797.



Portada das Constitucións Sinodais do Arcebispo Blanco. Reimpresión de 1781, por Ignacio Aguayo.

polo menos en aparencia, xa que exercía tamén como escribán, tal e como reflectimos supra.

Aínda en 1816 os protocolos de Fermín Campaña se encabezaban como “*En la Casa de Eccian feligresía de San Juan de Santeles...*”. E era daquela Xosé Fermín Campaña “*escribano de número de Número y Ayuntamiento in solidum de la Jurisdicción de Bea, y de la Junta de Propios de ella*”. En 1822 aparece como escribán do número da cidade de Compostela, supoñemos que compati-

bilizando ambos oficios; e neste mesmo ano testa xunto ca súa esposa²⁹. Sabemos así que tiveran catro fillas e un fillo –Xosé Francisco– que se fixo cargo da imprenta en razón da súa lexítima “*pues que dividida entre todos los hermanos a ninguno puede reportar interés y se destruiría una oficina que en algún tiempo podrá ser útil*”. Mais a imprenta mantívose en poder de Xosé Fermín Campaña até o seu pasamento. O matrimonio fixo en 1840 venda dos seus bens en Tabeirós; despois levou a súa dirección doña Rita Aguayo que suscribiu co pé de imprenta “*Viuda de Campaña*”, até 1851.

O mesmo Xosé Francisco Campaña Aguayo recibiu a prima tonsura en 1818³⁰.

Outra filla máis do matirmonio Aguayo-Nieves, María Xosefa, casou o 17 de maio de 1798 co doutor “*don José de la Vega, hijo de don*

29 Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Protocolos, Cotón e Bermúdez, nº 9014, 26-VIII-1822.

30 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Xeral. Sagradas Ordes, 1062/80.

Juan Manuel de la Vega y de doña María Manuela de Groba, ella difunta, vecinos de la parroquia de San Pedro de Orazo".

A día de hoxe (2012) un Francisco Aguayo segue a ser editor en Chile.

Non serían xustas estas páxinas (que xa non son exhaustivas) de non facer mención a outros membros deste grupo –maioritariamente urbano– adicado a actividades tipográficas e á comercialización de libros e outros produtos impresos. E non é tampouco doado establecer con claridade as distintas categorías socioprofesionais, determinando as difusas liñas entre libeiros, impresores, encuadernadores, mercaderes... e o papel que desenvolveron na circulación de libros na rexión.

Mais debemos cando menos deixar constancia doutros nomes menos coñecidos que os anteriores: como Caetano Vázquez “*comerciante en libros*” en Compostela no XVIII e que debeu nacer en San Martiño de Calobre (parroquia na que posuía bens no lugar de Nogueira cos que dotou ao seu sobriño para facelo crego). Ou o veciño de San Martiño de Barbude Alonso Carbón, “*librero*” que no 1724 cobrou 18 reais “*de la composición del Misal de la Capilla de Castrotión*” de Santo Estevo de Oca.

Bibliografía

- Barreiro Fernández, X. R. *Impresores galegos: Ignacio Aguayo y Aldemunde (1754-1819)*. En Grial, T. 21, nº 82 (1983), pp. 410-422.
- Bouza Brey, Fermín. *Los Aguayo, impresores barrocos de Compostela (1728-1819)*. En CEG, 33 (1956), pp. 45-94.
- Bouza Brey, Fermín. (El impresor compostelano Antonio Pedache (16..-1723), CEG, 70 (1968), pp. 145-154).
- Calderón, Carlos. “El libro y la imprenta en Galicia: del escolasticismo a la Ilustración. Un estado de la cuestión y perspectivas de investigación”. En *Cuadernos de historia de España*, v. 78 n. 1 ene/dic. 2003. Buenos Aires.
- Carré Aldao, Uxío. *A imprenta e a prensa en Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Xuventude. Santiago de Compostela, 1991.
- López, Atanasio. *La imprenta en Galicia: siglos XV-XVIII*. Patronato de la Biblioteca Nacional. Madrid, 1953.
- López Ferreiro, A. *Galicia en el último tercio del siglo XV*, A Coruña, 1896.
- McLuhan, Marshall. *La Galaxia Gutenberg. Génesis del Homo typographicus*. Madrid, 1972.

- Odriozola, A. e Barreiro Fernández, X. R., *Historia de la imprenta en Galicia*. La Voz de Galicia. A Coruña, 1992.
- Portela Silva, E. (Coord.), *Historia da cidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 2003.
- Rielo Carballo, Nicanor. *El libro lucense (1495-1936)*, Sada, A Coruña, 1982.
- Rey Castelao, O. *Libros y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Santiago de Compostela, 2003.
- Soto Freire, Manuel. *La imprenta en Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Santiago de Compostela, 1998.